

Concello da Capela

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, PEL-CONCELLOS 2023, FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A Deputación Provincial da Coruña acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS 2023, por Resolución da Presidencia número 2023/39428, do 17 de xaneiro de 2023.

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial número 2023/11484, de data 21 de marzo (BOP n.º 57 de data 23 de marzo de 2023), aprobouse a concesión de axuda ao Concello da Capela para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais durante o exercicio 2023, por un importe de 25.000,00 euros.

A Deputación Provincial da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa a apoiar aos concellos da provincia co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza o pleno emprego na provincia como elemento esencial para o crecemento, a cohesión e o desenvolvemento socioeconómico.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia, que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír ao seu crecemento sostible promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

O Concello da Capela levará a cabo actuacións dirixidas a garantir uns servizos públicos esenciais para o cidadán, coa finalidade de promover así mesmo, a creación de emprego estable e de calidade a nivel local.

Polo tanto, para desenvolver as actuacións proxectadas é preciso cubrir tres (3) prazas de peón/especialista de obras públicas mediante a contratación de persoas



Concello da Capela

desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Ademais da normativa especificada na Base 1. Réxime xurídico xeral, das bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, as contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais.

Estes cambios afectan ás modalidades contractuais que poden utilizar as Entidades Locais para dar cobertura aos contratos de duración determinada nas contratacións ligadas aos plans de emprego, ao introducir na Disposición adicional novena, unha nova modalidade de contrato á que se lle denomina contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Así, en virtude do anterior, os concellos adheridos ao Programa, poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL- CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial ”.

1. OBXECTO

O obxecto do programa é fomentar o emprego nos concellos, mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral, para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

A convocatoria referirase ás seguintes prazas: **3 peóns/especialistas de obras públicas.**

Conforme á natureza das bases do Programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2023, e máis concretamente segundo o establecido no apartado número 2.1, o Concello deberá realizar a contratación do persoal unha vez que quede acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas que se van a contratar e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.



Concello da Capela

2. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais, conforme ao artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE número 261 do 31 de outubro de 2015):

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilización forzosa para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a titulación esixida: certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

Por outra banda, e tal e como se sinalou anteriormente, conforme ao previsto no apartado 4 das Bases do Programa de Integración Laboral, anualidade 2023, as persoas que se vaian a contratar no programa deberán estar nalgunha das



Concello da Capela

situacións de exclusión laboral. Estas situacións, que deberán ser cumpridas polas persoas candidatas para ser admitidas ao proceso selectivo, serán alomenos unha das seguintes que se sinalan a continuación e que deberán ser acreditadas de xeito fidedigno:

- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b. Maiores de 45 anos.
- c. Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas que vaian a ser contratadas.
- e. Persoas en situación de drogodependencia.
- f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g. Persoas con fogar monoparental.
- i. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- l. Persoas vítimas de violencia de xénero.
- m. Persoas sen fogar.

4. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo disporán dun prazo de **5 días naturais**, dende o día seguinte ao da publicación no BOP do anuncio da convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá realizarse presencialmente, no Rexistro de entrada do Concello da Capela (Lg. As Neves, 46-A, 15613 A Capela), na sede electrónica do concello <https://concellodacapela.sedelectronica.gal>, ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentación da solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Concello da Capela, as persoas interesadas deberán remitir por correo electrónico a correo@acapela.es, unha copia da instancia no prazo das 24 horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude.



Concello da Capela

As solicitudes deberán presentarse no modelo de instancia que figura como Anexo I e deberán ir acompañadas inexcusablemente da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego ou documento que acredite a situación de desemprego.
- Fotocopia da documentación que acredite a inclusión nalgunha situación de exclusión laboral das enumeradas na Base 3:

Situación de exclusión laboral	Documentación acreditativa
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado ou fotocopia do certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos sus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental, persoas sen fogar, persoas vítimas de violencia de xénero	Informe dos Servizos Sociais Municipais do concello de residencia

- Fotocopia da documentación acreditativa de estar en posesión da titulación mínima esixida (certificado de escolaridade ou equivalente).

- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas relacionados coas prazas que se convocan.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os Tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): un presidente, tres vogais e un secretario.



Concello da Capela

O Tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o correspondente informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

Para os efectos do RD 424/2002, a categoría das prazas convocadas é de tipo 3.

6. SELECCIÓN DE ASPIRANTES

O Concello non procederá a facer as contratacións ata que se lle notifique, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a concesión da subvención.

A cualificación final dos aspirantes será a obtida no proceso de oposición. No caso de empate teranse en conta os criterios indicados no apartado 4 das bases da convocatoria da subvención anteriormente indicados.

O Tribunal, despois da cualificación dos aspirantes, publicará a lista de aprobados , elevando a proposta de contratación ao Sr. Alcalde-Presidente, das persoas seleccionadas por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificados. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo, o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario.

O Tribunal publicará a lista coa cualificación definitiva dos aspirantes, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que un aspirante seleccionado renunciara, considerarase proposto o seguinte da lista.

Por outra banda, non se efectuarán nomeamentos ata que as persoas candidatas propostas polo tribunal presenten, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das

Concello da Capela

tarefas propias do posto de traballo.

- Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e o Real Decreto 598/1985 que a desenvolve.
- Documentación orixinal dos requisitos mínimos achegados coa instancia. Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla pola persoa candidata seguinte da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do Tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizos das Administracións Públicas e en concreto á normativa de selección de persoal da Administración Local.

7. PRAZAS OFERTADAS

Proxecto: Mantemento e pequenas reparacións na rede de sumidoiros, desbroce e limpeza do entorno e dos accesos ás EDAR, conservación e pequenas reparacións das instalacións do abastecemento municipal de auga potable, limpeza das beirarrúas e espazos públicos, limpeza e desbroce das marxes dos camiños municipais de acceso aos núcleos de poboación, construción de novas bases de formigón, instalación de suxeicións e reparación das existentes para os colectores do lixo, limpeza e reparación das sinais verticais de indicación dos núcleos de poboación que están máis deterioradas.

Para a execución deste proxecto constituirase unha cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais para o exercicio 2023, do que formarán parte tres (3) persoas traballadoras.

Titulación mínima: Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Duración do contrato: O contrato terá unha duración de seis (6) meses para as



Concello da Capela

dúas persoas que ocupen os dous primeiros postos da lista de candidatos seleccionados propostos para a contratación. No caso da persoa que ocupe o terceiro posto da lista de candidatos seleccionados propostos para a contratación, o contrato terá unha duración de catro (4) meses.

A contratación laboral temporal vinculada a programas de activación para o emprego, segundo o indicado na Disposición Adicional Novena do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Xornada laboral: Será xornada parcial, de seis (6) horas diarias, de luns a venres, distribuídas segundo as necesidades do servizo.

8. FUNCIÓNS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN

Conforme á solicitude realizada á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS anualidade 2023, as persoas traballadoras que se contraten formarán parte da cuadrilla de obras e servizos municipais, que realizará un conxunto de actuacións que teñen por obxecto o mantemento e pequenas reparacións na rede de sumidoiros, desbroce e limpeza do entorno e dos accesos ás EDAR, conservación e pequenas reparacións das instalacións do abastecemento municipal de auga potable, limpeza das beirarrúas e espazos públicos, limpeza e desbroce das marxes dos camiños municipais de acceso aos núcleos de poboación, construción de novas bases de formigón, instalación de suxeicións e reparación das existentes para os colectores do lixo, limpeza e reparación das sinais verticais de indicación dos núcleos de poboación que están máis deterioradas.

En xeral, as actuacións realizaranse en lugares como beirarrúas, fincas e camiños de titularidade municipal, infraestruturas e instalacións que forman parte dos servizos mínimos municipais como o abastecemento domiciliario de auga potable, o servizo de recollida e tratamento do lixo, a iluminación pública, o acceso aos núcleos de poboación, etc... Todas as actuacións ou servizos levaranse a cabo en bens e terreos de titularidade municipal e sobre os que existe plena dispoñibilidade.

9. COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme establece a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aquelas



Concello da Capela

persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte da persoa candidata da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 1 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento do galego esixido, as persoas candidatas non serán excluídas por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto, unha proba que acredite o coñecemento da lingua galega, facendo constar na acta o resultado da dita proba.

10. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL.

A. Fase de concurso

A.1. Formación

Valorarase ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas relacionados coas prazas que se convocan, ata un máximo de **3 puntos**.

- Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos
- Cursos de 51 a 100 horas: 0,40 puntos
- Cursos de 101 a 300 horas: 0,60 puntos
- Cursos de 301 horas en diante: 1 punto

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 20 horas non serán obxecto de valoración.

A.2. Carné de conducir

Avaliarase estar en posesión de carné de conducir **tipo B** con **1 punto**.

B. Fase de oposición

Consistirá na realización dunha proba escrita consistente nun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas. Cada pregunta valorarase con 0,30 puntos. Non restarán resultado as respostas incorrectas, e será necesario acadar un mínimo de 3 puntos para superar a proba.

No caso de empate, este resolverase tendo en conta os criterios establecidos no



Concello da Capela

apartado 4 das bases da convocatoria da subvención, aprobadas por resolución da Presidencia da Deputación Provincial, BOP n.º 13 do 19 de xaneiro de 2023.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

11. BOLSA DE TRABAJO

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación de persoas aspirantes admitidas e presentadas no proceso selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida nel, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentarias, necesidades dos servizos, etc..., ou as baixas ou renuncias dos seleccionados neste proceso; así como en sucesivos programas do PEL-CONCELLOS.

A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

A bolsa de traballo que se forme coas persoas aspirantes admitidas e presentadas no proceso selectivo estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

12. ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificandoo á Presidencia, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita Lei.

13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello da Capela, autorizando o tratamento deles para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación deles enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, e



Concello da Capela

dirixida ao Concello da Capela, Lg. As Neves, 46-A (15613 A Capela).

14. RECURSOS

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polas persoas interesadas, nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Capela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Manuel Meizoso López.





PEL-CONCELLOS 2023



DATOS PERSOAIS

Nome	
Apelidos	
DNI	
Enderezo	
Concello	
Código Postal	
Teléfono/s de contacto	
Enderezo electrónico	

SOLICITO ser admitida/o no proceso de selección de persoal laboral temporal, a tempo parcial, para o posto de **PEÓN** e declaro que son certos os datos consignados nesta instancia e na documentación que a acompaña.

DECLARO estar na seguinte situación de exclusión laboral das enumeradas na Base 3. (Marcar cun "x" o que corresponda)

Muller	
Maior de 45 anos	
Persoas desempregadas de longa duración	
Persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%	



Concello da Capela

Persoas en situación de drogodependencia	
Persoas que viven nun fogar con todos os seus membros en situación de desemprego	
Persoas en fogar monoparental/monomarental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

Documentación que se achega xunto coa presente instacia (marcar cun “x” segundo proceda)	
Copia compulsada do DNI	
Copia compulsada do carné de conducir	
Copia compulsada do certificado acreditativo do coñecemento do galego (CELGA 1)	
Documentación acreditativa, orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, dos cursos de formación e/ou capacitación relacionados coas prazas convocadas	
Documentación acreditativa, orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, da situación de demandante de emprego	
Documentación acreditativa, orixinal ou fotocopia debidamente compulsada, da inclusión nalgunha das situacións de exclusión laboral	
Declaración responsable do cumprimento dos requisitos da convocatoria	

Lugar e data	
Asinado: _____	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CAPELA

